El Pacto de Estado por Ferrol, que nace tras un período de escucha y cuenta con 100 medidas para la recuperación y transformación industrial de Ferrol, Eume y Ortegal, que fue presentado por el Presidente de la Xunta presentado en el mes de mayo de 2021, constituye una propuesta que, con el firme propósito de poder transformarse en un compromiso colectivo, pueda impulsar de manera efectiva la transformación de Ferrol, Eume y Ortega! de tal manera que se pueda trabajar con mayor intensidad y coordinadamente por parte de administraciones, organismos intermedios e interlocutores socioeconómicos en torno a las grandes prioridades actuales para dicho territorio, compartiendo el deseo común de revertir las circunstancias extremadamente adversas de la situación actual y diseñar un nuevo futuro para los miles de gallegos y gallegas que viven en estas comarcas Se trata, por lo tanto, de un planteamiento que surge de la voluntad de consenso y de acuerdo, a través de un proceso de diálogo orientado a canalizar los esfuerzos de las diferentes instituciones y agentes hacia los grandes retos de este territorio, principalmente en términos de crecimiento, empleo y bienestar. Constituye un punto de partida para la determinación de las necesidades, las oportunidades y las prioridades en torno al objetivo de promover un desarrollo sólido, integrador y sostenible en Ferrol, Eume y Ortegal y las medidas que pueden ayudar a abordarlas, desde el máximo consenso político, económico y social.

El Gobierno gallego ha incorporado como prioritarias las medidas de su competencia, especialmente en la mejora de los servicios públicos; en la mejora de infraestructuras y comunicaciones; la recuperación de las empresas, autónomos y empleos, y en la modernización y mejora competitiva de los principales sectores del área territorial de Ferrol, Eume y Ortegal.

Además, el momento excepcional que se está viviendo a nivel general, con motivo del impacto de la covid-19, y muy especialmente en el territorio de Ferrol, Eume y Ortega!, por la incertidumbre sobre el futuro de ciertas empresas y la ausencia de carga de trabajo en Navantia Ferrol, mientras no se inicie la construcción de las fragatas F-110, exige una respuesta también excepcional que puede y debe ser colectiva, y que debe tratar de integrar y comprometer a actores tanto públicos como privados en torno a construir un





consenso básico que sirva como energía para la suma de esfuerzos en su implementación. El desafío es tan extraordinario que exige una respuesta unida, única y ambiciosa.

Por estas razones, y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta Corporación y a su sentido del deber y de la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno de la Corporación, la adopción de los siguientes

### ACUERDOS

1. Instar al Gobierno Central y a la Deputación Provincial de A Coruña, a adherirse al Pacto de Estado por Ferrol, y que de esta forma prioricen sus inversiones en la comarca de Ferrol, Eume y Ortegal, con el objeto de proceder a la recuperación y transformación de la misma.
2. Instar al Ayuntamiento de Ares a que se ahiera al Pacto de Estado por Ferrol, para dar ese paso definitivo, necesario, oportuno y proporcional a la importancia de Ferrolterra en la economía y en la población gallega y también en el impacto social de esta zona.
3. Dar traslado de este acuerdo al Presidente del Gobierno, al Presidente de la Xunta de Galicia y al Presidente de la Diputación de A Coruña.

En Ares, a 15 de febrero de 2022

Fdo. José Manuel Cendán Fernández

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que esta é unha iniciativa do Presidente da Xunta de Galicia para revitalizar as tres comarcas do entorno xa que estamos nunha situación precaria e aínda encima co COVID 19 as tres comarcas empeoraron a situación polo tanto, isto vense traballando as institucións Concellos, Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Goberno de España. A situación a día de hoxe e que instouse a falar cos alcaldes deste tema e creo que é a forma, aos concellos váiselles a axudar nalgunhas obras, en temas turísticos e o único ademais da deputación e os concellos incidimos no Goberno de España porque a situación de Ferrol en concreto o naval a modernización dos astilleiros hai que facela porque senón o futuro desta comarca vai quedar en nada, a mala situación das Pontes, GAMESA van caendo é o momento en que todas as administracións unamos esforzos e ideas





chegar a un acordo e facer as peticións, a iniciativa privada ten que actuar tamén pero nós como administración temos que coordinar como hai que facer as cousas e o que queremos facer.

O voceiro do PP fai lectura dos acordos da moción presentada.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que non sabe como enfocar esta moción porque estiven nenas reunións e a Xunta comprometeuse a realizar esas inversión, concretamente no capítulo de comunicación e logo temos un transporte público como o que temos polo tanto, que a Xunta de Galicia lle pida a deputación e aos concellos que se adhira ao pacto do Estado por Ferrol cando nós non temos tres, non temos ferrocarril e o único que temos é un transporte por estrada que sufriu un retroceso brutal porque quitaron conexións e as que quedaron non respectan horarios nin paradas é dicir isto non é priorizar as inversións da comarca de Ferrol-Ortega, non é só o Concello de Ares e que toda a comarca de Ferrol sufriu unha minoración dos servizos de transporte por carreteira e levamos un ano dicíndolle a Dirección Xeral de Mobilidade de que isto non vai de acordo co Pacto de Estado de Ferrol, o primeiro que ten que dar exemplo é quen o pide que é a Xunta de Galicia, porque non prioriza esas inversións sobre todo as infraestruturas por carreteira e ferrocarril tampouco da resposta a Xunta de Galicia a esa priorización das inversión, aquí parece que a Xunta de Galicia ten todo o interese pero que é o Estado é a Deputación que torpedea este acordo e os FEMP que os acreditan é que a Xunta non está a cumprir a súa parte, este é o problema que eu lle vexo.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións para fixar posicións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que cando se presentou a debate parlamentario o Pacto de Estado evidentemente todo o mundo o aceptou pero só o titular logo cando se viron as medidas eran as que eran. Para empezar, se fala de evitar a deslocalización da industria téxtil da comarca onde vai que non existe, evitase a deslocalización (inintelixible) da industria do plástico onde vai que pechou POLIGAL etc... da a impresión de que isto fíxose no seu día, quedou gardado e logo o sacaron máis adiante pero máis ala destes pequenos despropósitos fora de tempo as cuestións graves para posicionarse son, a primeira cuestión é o tema de NAVANTIA hai que reclamar a recuperación da construción civil e logo a segunda cuestión son AS PONTES e a transición enerxética, a proposta do BNG sempre foi a constitución dun centro I+D para almacenamento de enerxía e que As Pontes queda como queda, todos os organismos







con competencias na transición o veñen advertindo que a transición depende de almacenar enerxía de orixe renovable por iso se propuxo este centro na localidade das Pontes pero iso tampouco vale, a terceira cuestión é a rexeneración da ría que é fundamental a Xunta de Galicia si que ten competencias exclusivas en materia de xestións de recursos marisqueiros e o certo é que hai outras administración, outros organismos pero a xestión do recurso é competencia exclusiva da Xunta de Galicia así como a titularidade de varios organismos, inspección e análise, facer un análise integral da situación da ría eu penso que sería fundamental precisamente para a rexeneración porque isto de facer, propoñer solución como facer analíticas da calidade da auga ou das correntes precisamente para o marisqueo eu penso que é facer trampa, porque os fondos nunca se analizan nunca se miran e iso sería o principal, a cuarta cuestión o ferrocarril e os servizos públicos, o transporte público en xeral un ferrocarril o que antes se chamaba FEVE está como está, o servizo de tren está como está, e aínda encima o servizo de autobuses que tamén está como está, sobran as palabras, polo tanto o PP está sistematicamente en contra destas reivindicacións polo tanto o BNG nunca votará a favor deste pacto unha vez que se coñeceu o contido porque o titular si que é moi bonito, o titular por suposto hai que aplaudilo o peor é cando lees a letra pequena, polo tanto o BNG vota en contra.

Remata a Sra. Brage Otero a súa intervención.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando ao voceiro do PP se cabe a posibilidade de emenda transaccional, porque di “instar a Deputación, ao Concello” pero tamén a Xunta de Galicia as inversións que non está a facer porque xa digo, o tema do transporte é un escándalo.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o problema do transporte é posterior a todo isto.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro do NAL cal é a súa posición.

Responde o Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que a súa posición vai a ser a abstención.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que unha vez fixadas as posicións dos grupos a pregunta é si se podería facer unha emenda transaccional para incluír que a Xunta de Galicia priorice investimentos que tería que dar exemplo.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que no Pacto de Estado por Ferrol hai un compromiso por parte de cada administración estou falando de que a Xunta





de Galicia é a que máis comprometida esta co tema e eu non as vou a enumerar todas porque son sesenta e catro. En canto o que dicía a voceira do BNG sobre o marisqueo entra dentro das propostas que presenta a Xunta de Galicia, todo o que se está a falar aquí está recollido no documento, si queredes fágovos unha copia pero aquí veñen, as inversión que teñen que facer os Concellos, a Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e o Goberno Central, fai mas fincapé nas medidas a tomar polo Goberno Central en canto os astilleiros e as axudas a PYMES e empresas, pero todo isto que dixo a voceira do BNG como o plan de aproveitamento dos recursos pesqueiros e marisqueiros da ría e o apoio ao acceso nos canais, modernización e mellora competitiva específica do sector pesqueiro, conserveiro e da actividade marisqueira do territorio, expansión das lonxas pesqueiras e marisqueiras coa inclusión de vendas online de produtos, completar as obras de saneamento da ría de Ferrol, finalizar a posta en marcha das infraestruturas de depuración estas son obras que ten que facer a Xunta de Galicia e están recollidas neste documento por iso eu creo, que antes de tomar unha decisión deberiades ler o documento e mirar o que se compromete a facer a Xunta de Galicia e a inversión que temos que facer os concellos.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que o problema é que o papel aguanta todo, o metes todo nun papel e queda moi bonito pero despois de un ano, porque iso leva máis dun ano, o único que se ve é que se creou a Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ferrol non se fixo outra cousa, o transporte foi para atrás, e o resto segue sen concretarse, está aí pero o transporte é unha metedura de pata entón, instar ao Goberno Central, a Deputación de A Coruña, a adherirse e a Xunta de Galicia a que tamén priorice as súas inversión que con pacto ou sen pacto ten que priorizar, ou é que a Xunta de Galicia só vai priorizar si hai pacto e senón hai pacto non as vai a priorizas, pois non sei, a min non sei que me da votar en contra pero efectivamente votar a favor pero impoñer deberes tampouco me gusta, impoñémolos a todos entón eu digo “instar ao Goberno Central, a Deputación de A Coruña a adherirse ao Pacto de Estado por Ferrol para que xunto coa Xunta de Galicia prioricen as súas inversións na comarca de Ferrol, Eume e Ortegai” por exemplo, xa está, se adhiran ao Pacto de Estado por Ferrol para que xunto coa Xunta de Galicia prioricen as súas inversións na comarca de Ferrol, Eume e Ortegai co obxecto de proceder a recuperación e transformación da mesma”.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro do PP si está de acordo.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que está de acordo coa proposta e sinalando que efectivamente ten razón, isto leva un ano pero foi proposto a todas





as administracións, sindicatos, empresarios, universidades etc... houbo unha negociación e o fin e unirmos todos/as para recuperar a comarca, en canto o tema do transporte é un engadido e eu coincido.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que obrigas temos todos.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que os concellos temos que presentar obras que queremos que se fagan no municipio, pero o transporte é unha das demandas que tamén temos que facer, hai que arranxalo e se non está aquí recollido pois que faga eu non teño ningún inconveniente, é un problema que temos na comarca de Ferrol e aí que solucionalo e a competencia é autonómica do resto eu creo que no documento recóllense de todas as administracións e foi pactado cos sindicatos, empresarios etc... e non se trata de politiquero isto o temos que facer entre todos/as que é o fin de todo isto. Eu non teño ningún inconveniente, ademais unha vez aprobado o pacto nós temos que decidir as obras e priorizalas, pedirllas aos Alcaldes dos concellos que prioricen as obras que queren que se fagan ese é o fin, o que nos explicaron a nós, cada corporación terá que priorizar unhas obras e levalas a cabo dentro do pacto, unha vez aprobadas as obras e empece a funcionar isto pero isto é o segundo paso.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a moción quedaría igual pero engadindo esa frase que polo tanto sería “instar ao Goberno Central, a Deputación de A Coruña a adherirse ao Pacto de Estado por Ferrol para que xunto coa Xunta de Galicia prioricen as súas inversións na comarca de Ferrol, Eume e Ortegal co obxecto de proceder a recuperación e transformación da mesma”

Sometida a votación a moción presentada polo grupo PP “**INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E AO CONCELLO DE ARES A QUE SE ADHIRAN AO PACTO DE ESTADO POR FERROL**” o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 NAL e 3 do PP) e 2 abstencións (2 BNG)) acorda prestar a súa aprobación coa seguinte emenda transaccional:

- Instar ao Goberno Central, a Deputación de A Coruña a adherirse ao Pacto de Estado por Ferrol **para que xunto coa Xunta de Galicia prioricen as súas inversións na comarca** de Ferrol, Eume e Ortegal co obxecto de proceder a recuperación e transformación da mesma”





Intervén o Sr. Alcalde sinalando que hai unha moción presentada polo BNG “MOCIÓN DE APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO DEMANDA DOS COMPROMISOS PENDENTES” efectivamente si aprobáronse as declaracións institucionais anteriores onde están todos os grupos, eu entendo que efectivamente non ten sentido porque é meternos nunha dinámica de vir aquí nas datas claves cada un coa súa moción é iso non é razoable, evidentemente cada grupo fixa a súa política, en consecuencia antes de proceder a súa incorporación temos que votar a urxencia

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG para expoñer a urxencia da moción.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que a urxencia ven dada polas datas, porque faltan oito días para as mobilizacións do 8 de marzo.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o seu voto vai a ser en contra porque entendemos que non é urxente xa que temos aprobadas as declaracións institucionais da FEMP e da FEGAMP coa participación de todos os grupos políticos, e en consecuencia, non hai urxencia porque o Concello de Ares xa fixo declaracións no sentido desa data.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que opinan o mesmo, nós xa aprobamos as declaracións institucionais.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que opina o mesmo.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción o Pleno do Concello por 2 votos a favor (2 BNG) e 11 en contra (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP), acorda rexeitar a urxencia, en consecuencia non se incorpora a moción ao orde do día.

#### **Punto núm 9.- Rogos e preguntas.**

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que nun pleno ordinaria soamente entra un acta, eu penso que se podía meter algo máis, polo menos falar do estado sa situación do transporte,





lembramos que un dos puntos da moción presentada polo BNG e que foi aprobada por unanimidade foi unha comisión de seguimento polos grupos para esixir solucións por parte da Xunta de Galicia, esa reunión non se produciu e o goberno pouco máis fai que actuar como transmisor das organizacións veciñais.

Remata a Sra. Brage Otero a súa intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia a un baden que foi instalado en Lubre porque a xente ía a demasiada velocidade, a verdade é que os veciños/as estaban contentos coa solución, pero agora resulta que o sacaron e non sabemos os motivos que levaron a retirada do mesmo o que si pode dicir e que me chegaron as queixas da veciñanza.

En canto o alumeado público do Parque Rosalía de Castro e a Avda. de Redes que é o que pasa, cal é o problema hai apegóns os fins de semana, o sábado daba medo todo a escuras e non é a primeira vez, xa son varias veces, cal é o motivo polo que se cae a liña.

No pleno anterior, xa dixen que habería que limpar os bancos porque estaban sucios e seguen igual, esta pregunta non foi contestada. En canto os bancos que se puxeron para pescar aínda non se cambiaron de sitio, agora ven a semana santa e podemos ter un problema o mellor é evitalo.

E por último preguntar sobre a resolución 34/2022 sobre un contencioso administrativo é a resolución 649/2021 "Aprobación de facturas" a factura a nome de MONCINA S.L de importe 9288,93€ cal é o concepto.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que os puntos do orde do día que veñen a pleno trátanse primeiro na xunta de voceiros polo tanto, se algún voceiro quere que se incorpore algunha cuestión pois ten que dicilo aí, este punto porque ven ou este outro quero que veña, efectivamente a xunta de voceiros non é para cobrar, non é para sentarse e que o Sr. Secretario diga os expedientes que ten rematados para ir ao pleno, nós tamén podemos falar, isto vai e isto non vai, non ten sentido que o digades aquí polo tanto, se algún quere que algún tema vaia a pleno o ten que dicir na xunta de voceiros previa, onde esta corporación da a oportunidade aos grupos de coñecer e debater os temas do pleno. Eu fun concelleiro aquí e non había xunta de voceiros, ía ao pleno cos puntos que me notificaban uns días antes sen opción de escoitarme, aquí facemos xunta de voceiros polo que o que queira traer algo ao





pleno se pode falar alí, a min non me costa ningún traballo explicar porque non pode vir ao pleno ou porque non é razoable que vaia, para iso son as xuntas de voceiros.

En canto o tema do transporte o estamos xestionando a nivel de Alcaldía, hai representantes do PSOE, PP, BNG etc... o estamos levando os Alcaldes nas distintas reunión, é un tema que non está levando cada Alcalde por separado, estamos na Mancomunidade e con outros Alcalde de Eume e Ortegal e aí hai Alcaldes do BNG está o de Fene, Moeche, San Sadurniño e todos temos interlocución coa Xunta para que arranxe os problemas que temos sinalados, e ademais todos estamos a tramitar as queixas dos veciños/as. En que punto está, imos conseguindo cousas, Ares-Mugardos teñen doce conexión máis, Ares-Chanteiro non tiñan conexión e agora hai unha, Ares-Redes non tiña conexión e agora hai unha conexión pero efectivamente o último bus segue sendo as 22:00h cando antes era as 22:30h e entre as 13:45h e as 16:00h segue sen haber un bus para a xente que sae de traballar as 14:00h é dicir, esas dúas cousas non as conseguimos pero o resto si, e xa e abondo porque hai outros concellos que non conseguiron nada. Nós conseguimos conexión con Chanteiro, Redes e fins de semana con Mugardos pero o último bus segue sendo as 22:00h e entre 13:45h e as 16:00h non hai bus, iso aínda non o conseguimos pero estamos a facer todo o posible para conseguilo, de feito a demanda do bus entre 13:45h e as 16:00h a está liderando o Alcalde de Fene que é do BNG está con ese tema, con conseguir un bus nesa franxa horaria, e a batalla do bus as 22:30h pois estamos os Alcaldes de Ares e Mugardos, nas conexión de Ares -Mugardos estamos os dous Alcaldes dos municipios e co tema de Ares-Redes estaba eu e todos apoiándome polo tanto, seguimos con dous franxas horarias sen resposta, para a xente que sae as 14:00h de traballar e teñen que esperar ata as 15:45h e o último, son problemas graves porque son traballadores que saen as 14:00h ou as 22:00h de traballar e non teñen bus ata o día seguinte, os que saen as 14:00 aínda teñen o das 15:45 pero os que saen as 22:00h non teñen bus ata o día seguinte, non son problemas menores, pero xa digo aí estamos todos os Alcaldes pelexando por conseguilo, non podo negar que hai avances, pero non son suficientes.

En canto o baden de Lubre era un baden reutilizable, quitouse doutro sitio porque son estreitos e moi altos, púxose urxentemente, pero si non vale para un sitio tampouco vale para outro, si enfastía os coches nun sitio os enfastía en outro, en Lubre teñen o mesmo dereito que aquí se non vale en Ares pois non vale en Lubre. Cando se puxo, Domingo co tractor e o remolque di que para pasar ten que reducir e co remolque cargado non arranca outra vez, esa é unha das queixas, e outra queixa é o que non vale para Ares vale para Lubre, pois non, entón





temos que poñer un baden ancho e non tan alto que disuada pero que permita a maquinaria agrícola traballar polo tanto, non se quitou por quitar, quitouse porque as mesmas queixas que tivemos en Ares as temos en Lubre.

O problema dos cadros eléctricos, efectivamente non vou a engadir o que xa sabedes, aquí hai un desmadre, hai situacións de coitelos tanto no cadro do Porto como do Parque Rosalía, eu non sei si o fan para ir pola noite a roubar o cable, non sei si é preparatorio pero é posible por iso rompen o cadro e o reloxo é sistemático nestas dúas zonas no Parque Rosalía e no Porto son dous cadros eléctricos moi atacados estivemos falando de poñer cadeados, haberá que pechalos ben de maneira que para entrar neles haxa que facer ruído.

En canto a limpeza dos bancos aínda non tivemos tempo, temos que pasar unha hidrolimpadora porque son bancos de pedra, o imos a facer seguramente cando veña o sol pero iso é cuestión de pasar a máquina.

O Sr. Alcalde pregunta a Concelleira de Urbanismo cal é a situación dos bancos do Bitácora.

Responde a Sra. Marcos García sinalando que foi feita a consulta e o que me din é que os bancos cumpren coa norma, polo tanto solicitei que fixeran un informe por escrito.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a normativa é clara teñen que ter 90 cm e non os teñen, teñen 40 cm ou 50 cm, non ves que sube un cativo e cae, ven a semana santa aí e imos a ter un desgusto.

Responde a Sra. Marcos García que aplicando o sentido común non hai porque movelos.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que non fai falta movelos de sitio si se eleva a varanda ao que está pescando lle da igual, entón para saír de dúbidas eleva a varanda a 90 cm e se ten 1 m mellor, elevase a varanda e acabouse o problema, porque eu entendo que sacar eses bancos e mercar outros non.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que os bancos valen igual.

Intervén novamente o Sr. Alcalde sinalando que elevase a varanda e rematouse o problema.

Toma a palabra a Sra. Marcos García manifestando que segundo a información dos técnicos os bancos están separados da varanda por iso cumpren coa normativa perfectamente, eu opino como que é sentido común.





Responde o Sr. Alcalde, que máis dá elevar a varanda xusto en fronte do banco, se preguntan se lle explica que é para que si os nenos/as se suban ao banco non caian.

Intervén a Sra. Barrón Ferro respondendo a resolución 34/2022 sobre un contencioso administrativo, este contencioso é sobre uns trienios dunha traballadora, hai discrepancias sobre si hai que abonarlle o trienio do taller de emprego ou non.

Toma a palabra o Sr. José Luis Cendán Fernández manifestando que non é unha traballadora do concello, é da escola taller.

Responde a Sra. Barrón Ferro sinalando que efectivamente é a directora do obradoiro de emprego, está reclamando o trienio do anterior obradoiro de emprego, cando se fixo aquí.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que si se lle recoñece aquí o trienio na administración onde está teñen que pagarlle.

Toma a palabra a Sra. Barrón Ferro dicindo que agora está no Concello de Mugardos.

Intervén novamente o Sr. Alcalde sinalando que aínda que este en Mugardos o temos que recoñecer aquí.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntado pola resolución 649/2021 "Aprobación de facturas" a factura a nome de MONCINA S.L de importe 9288,93€ cal é o concepto.

Responde a Sra. Marcos García manifestando que esta factura e da rehabilitación do Río Baixolo, é unha certificación da obra, a obra está subvencionada.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e corenta e oito minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

*Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente*

*Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor*

